



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Literatura e identidade de xénero do primeiro idioma estranxeiro: Inglés

Materia	Literatura e identidade de xénero do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G180V01904			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale OP	Curso 4	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Martín Lucas, Belén			
Profesorado	Martín Lucas, Belén			
Correo-e	bmartin@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>			
Descripción xeral	<p>Esta materia ocúpase do estudo das teorías do xénero nos ámbitos anglófonos (feminismos, estudos da masculinidade, estudos queer), da súa influencia na práctica literaria en lingua inglesa e/ou da súa aplicación na análise crítica dos textos literarios.</p> <p>Partindo de coñecementos previos das literaturas dos diversos ámbitos anglófonos e das ferramentas básicas para a análise literaria, realizarase nesta materia o estudo desde unha perspectiva de xénero dalgún aspecto teórico ou literario, que pode incluír unha panorámica xeral das teorías más relevantes destes campos (feminismos, estudos da masculinidade, estudos queer), o estudo de autoras/é concretos, de temas específicos, ou o estudo comparado de diversos textos desde unha perspectiva de xénero.</p>			

## Competencias

### Código

A1	Que as/os estudiantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudio que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudio.
A2	Que as/os estudiantes saibam aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrar por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudio.
A3	Que as/os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudio) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudiantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudiantes desenvolvan aquellas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz.
B3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descripción das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B6	Construir argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.

B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudio lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudio.
B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razonamentos expostos.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudiadas no grao.
B11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
C167	Coñecer os conceptos teóricos das teorías do xénero nos ámbitos anglófonos: feminismos, estudos da masculinidade, estudos queer.
C168	Desenvolver a percepción crítica da literatura desde o punto de vista do xénero.
C169	Comprender os referentes teóricos, históricos e culturais que subxacen na cultura androcéntrica.
C170	Identificar as principais achegas literarias desde unha perspectiva de xénero en ámbitos anglófonos.
C171	Ser competente para transmitir unha cultura non androcéntrica.
C172	Identificar situacions de desigualdade de xénero nos textos.
C173	Ser competente para sensibilizar á poboación en relación con problemas específicos de xénero.
C174	Ser competente para realizar estudos sistemáticos da literatura desde a perspectiva de xénero.
C175	Ser competente para contribuír a unha sociedade máis igualitaria desde o punto de vista de xénero.
C183	Visibilizar e valorar as achegas feitas polas mulleres á literatura e cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecemento dos conceptos teóricos das teorías do xénero nos ámbitos anglófonos: feminismos, estudos da masculinidade, estudos queer.	A5	B2 B4 B10 B11	C167 C169 C174 C183
Percepción crítica da literatura desde o punto de vista do xénero.	A3	B2 B8 B9 B11	C168 C183
Coñecemento dos referentes teóricos, históricos e culturais que subxacen na cultura androcéntrica.	A1 A3	B2 B10 B11	C169
Coñecemento das principais achegas literarias desde unha perspectiva de xénero nos ámbitos anglófonos.	A1 A3	B2 B7 B10 B11	C170 C183
Coñecemento, comprensión e apreciación positiva das aportacións realizadas polas mulleres á historia, ás literaturas e ás culturas anglófonas.	A3	B2 B10 B11	C171 C175 C183
Contribución na transmisión dunha cultura non androcéntrica.	A2 A4	B6 B10 B11	C173 C175 C183
Identificación de situacions de desigualdade de xénero nos textos.	A3	B7 B10 B11	C172 C175
Sensibilización en relación con problemas específicos de xénero.	A2 A3 A4	B11	C173 C175
Realización de estudos da literatura desde a perspectiva de xénero.	A5	B2 B3 B8 B9 B10	C167 C168 C169 C170 C183
Argumentación sólida sobre os temas e textos estudiados, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboran os razonamentos expostos, facendo uso dos recursos más axeitados, e expresando oralmente e por escrito unha reflexión crítica.	A4	B6 B9	C168 C171

Participación en debates e actividades en grupo, amosando un pensamiento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respetuosos, e acosando actitudes de tolerancia cara a diversidade social e cultural nos países de mala inglesa, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.	A4	B7	C171
Uso das novas tecnologías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.	A5	B4	C171 C174 C183
Participación na construcción dunha sociedade máis igualitaria desde o punto de vista de xénero.	A4	B2	C173
	A5	B10	C175
		B11	C183

## Contidos

### Tema

1. Feminist Theories	Femininity Feminism, Womanism, Post-feminism Violence, Resistance, Agency
2. Masculinity Studies	Heteropatriarchy New masculinities Violence, Resistance, Agency
3. Queer Studies	Queer Theories LGBT Cultures Violence, Resistance, Agency

N.B. Ao inicio do cuadrimestre estará disponible en Faitic o listado de lecturas obligatorias e películas incluídas como material do curso. O material de lectura obligatoria estará disponible en Faitic

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	0	2
Lección maxistral	10	12	22
Seminario	4	0	4
Traballos de aula	22	26	48
Tutoría en grupo	2	0	2
Estudo previo	0	22	22
Presentación	8	12	20
Resolución de problemas	0	12	12
Exame de preguntas de desenvolvimento	4	14	18

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descripción
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e organizar a dinámica da docencia e actividades co alumnado na primeira semana de clases.
Lección maxistral	Exposición dos contidos teóricos da materia por parte da profesora.
Seminario	Actividades de formación dirixidas pola profesora que inciden máis pormenorizadamente nalgún aspecto concreto das unidades temáticas ou as complementan.
Traballos de aula	Discusión oral dos textos literarios e/ou filmicos por parte do alumnado baixo a supervisión da profesora. O alumnado deberá aplicar ao comentario crítico os contidos teóricos expostos nas sesións maxistrais e mais nos seminarios así como os coñecementos que vai adquirindo nas lecturas previas.
Tutoría en grupo	As tutorías grupais son de carácter obligatorio, terán lugar en horario de clase (nas sesións que se indiquen) e estarán dedicadas, entre outras actividades, á organización das tarefas de aprendizaxe, distribución de traballos, revisión de conceptos, resolución de dúbidas, explicación de cuestións de carácter metodolóxico e á supervisión da elaboración dos traballos.
Estudo previo	O alumnado deberá ler os textos obligatorios, tanto teóricos/críticos coma os diversos textos literarios, con antelación ás clases nos que se comentarán. O calendario de comentario dos textos obligatorios estará publicado en faitic antes do comezo das clases. O alumnado debe consultar este calendario e ter realizada a lectura do material.
Presentación	Presentación oral por parte do alumnado de traballos elaborados grupalmente sobre aspectos recollidos no programa que se determinarán previamente baixo a supervisión da profesora.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
--------------	-------------

Traballos de aula	O alumnado debe consultar en titorías coa profesora as dúbihadas que xordan na preparación dos comentarios críticos dos textos literarios e fílmicos a analizar na aula.
Titoría en grupo	O alumnado debe consultar en titorías coa profesora para fixar o tema sobre o que preparará o seu traballo de exposición oral na aula en grupo. A profesora guiará o alumnado na elaboración deste traballo en grupo.
Presentación	O alumnado debe consultar en titorías coa profesora para fixar o tema sobre o que preparará o seu traballo de exposición oral na aula.
<b>Probas</b>	<b>Descripción</b>
Resolución de problemas	O alumnado debe consultar en titorías coa profesora as dúbihadas que xordan na preparación dos comentarios críticos dos textos literarios e fílmicos, e na preparación de exposicións orais.
Exame de preguntas de desenvolvemento	É moi conveniente a consulta en titorías para a preparación dos exames, especialmente no caso de non asistencia ou de non superación da avaliación continua.

## Avaliación

	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Presentación	Presentación oral por parte do alumnado de traballos elaborados grupalmente sobre aspectos teóricos do programa que se determinarán baixo a supervisión da profesora. Cada persoa será avaliada pola súa contribución individual, e avaliaranse tanto as competencias referidas ao coñecemento da cuestión analizada como as relacionadas coa construcción de argumentos e a súa expresión oral correcta. Deberá utilizarse como apoio software de diapositivas para presentacións, e avaliarase a correcta expresión escrita nestes textos, que deben entregarse á profesora na mesma data da presentación a través da plataforma virtual Tema.	10	A3 B3 C167 A5 B4 C168 B6 C169 B7 C170 B9 C171 B10 C172 B11 C173 C174 C175 C183
Resolución de problemas	Participación activa nas clases e exercicios de comentario de texto que poden ser escritos ou orais. Para a avaliación deste aspecto consideraranse tanto as competencias relacionadas cos contidos teóricos coma as relacionadas coa construcción de argumentos sólidos e a súa correcta expresión oral e/ou escrita. Terase en conta tamén a pertinencia dos comentarios en relación aos contidos da materia.	10	A4 B6 C167 B7 C168 B8 C169 B10 C170 C171 C172 C173 C174 C175 C183
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realizaranse dous exames baseados nos contidos da materia, que combinarán preguntas teóricas e exercicios prácticos de análise de textos. Avaliarase en cada exame tanto a adquisición de competencias relacionadas cos contidos teóricos coma as relacionadas coa construcción de argumentos sólidos e a súa correcta expresión escrita. O primeiro parcial celebrarase dentro do calendario de docencia, na hora e aula correspondentes á materia. O segundo coincidirá coa data oficial para o exame de avaliación única.	80	A1 B2 C167 A4 B3 C168 B6 C169 B8 C170 B9 C171 B11 C172 C173 C174 C175 C183

## Outros comentarios sobre a Avaliación

### PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

Na primeira edición de actas a avaliación será preferentemente continua. Para a **avaliación continua** é obligatorio realizar e expoñer no prazo establecido os traballos incluídos na mesma: dous exames parciais escritos, que equivalen a un 40% da nota final cada un, e unha presentación oral, que aporta un 10% da nota final. Os traballos non realizados ou entregados fóra de prazo contarán coma un 0. Do mesmo xeito, os traballos que non cumpran os requisitos mínimos de corrección lingüística (tanto na forma oral coma na escrita) e conteñan errores gramaticais graves contarán coma un 0.

O plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo suporá un 0 nese traballo. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade.

O primeiro exame parcial terá lugar en horario de clase, na semana que coincide coa mitade das horas da materia (a data precisa anunciaranse en Faitic e máis no cronograma da materia ao inicio do cuadrimestre, unha vez coñecido o horario da materia). O segundo exame parcial coincidirá coa data para avaliación única establecida polo Decanato no calendario oficial

de exames da Facultade.

Se algunha alumna/o non pode asistir regularmente ás clases e prefire optar por **avalación única**, deberá comunicalo á profesora argumentadamente nas primeiras dúas semanas do curso. Nese caso, será avaliada/o exclusivamente mediante un exame único na data fixada no calendario oficial de exames polo Decanato. Este exame estará baseado nos contidos da materia, e combinará preguntas teóricas e exercicios prácticos de análise de textos e a nota do exame constituirá o 100% da cualificación final. A competencia lingüística e a correcta exposición argumentativa tamén serán avaliadas. A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito a asistir ás aulas sempre que sexa posible, o cal se recomenda encarecidamente. Igualmente, o alumnado que non asista ás clases será responsable de manter un contacto continuado coa materia a través de Faitic .

De suspender a avaliación na primeira convocatoria deberá examinarse de toda a materia na segunda.

## **SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO)**

Na **segunda edición das actas (xullo)** a avaliación levarase a cabo mediante un exame único, baseado nos contidos da materia, que combinará preguntas teóricas e exercicios prácticos de análise de textos e cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. A competencia lingüística e a correcta exposición argumentativa tamén serán avaliadas. Este exame terá lugar na data oficial de xullo establecida no calendario de exames oficial.

A AVALIACIÓN DO ALUMNADO ERASMUS E DE INTERCAMBIO SEGUIRÁ EXACTAMENTE O MESMO PROCEDEMENTO DO ALUMNADO REGULAR DA UVIGO, SEN EXCEPCIÓNS.

Recoméndase firmemente que o alumnado asista ás aulas e titorías con regularidade e se implique activamente no seu proceso de aprendizaxe.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

---

#### **Bibliografía Básica**

---

#### **Bibliografía Complementaria**

---

- Reina Lewis and Sara Mills, eds., **Feminist postcolonial theory: a reader**, Edinburgh UP,  
Joy James and T. Denean Sharpley-Whiting, eds., **The Black Feminist Reader**, Blackwell,  
Catherine Belsey and Jane Moore, eds., **The Feminist reader : essays in gender and the politics of literary criticism**, MacMillan,  
Carole R. McCann and Seung-Kyung Kim, eds., **Feminist theory reader : local and global perspectives**, Routledge,  
Mary Eagleton, ed., **Feminist literary theory : a reader**, Blackwell,  
Jenny Wolmark, ed., **Cybersexualities : a reader on feminist theory, cyborgs, and cyberspace**, Edinburgh UP,  
Cherríe Moraga, Gloria Anzaldúa, eds., **This Bridge called my back : writings by radical women of color**, Kitchen Table : Women of Color Press,  
Gloria E. Anzaldúa and AnaLouise Keating, eds., **This bridge we call home : radical visions for transformation**, Routledge,  
Judith Kegan Gardiner, ed., **Masculinity studies & feminist theory : new directions**, Columbia University Press,  
Rachel Adams and David Savran, eds., **The Masculinity studies reader**, Blackwell,  
Josep M. Armengol and Àngels Carabí, eds., **Debating masculinity**, Men's Studies Press,  
Peter Lehman, **Masculinity : bodies, movies, culture**, Routledge,  
Stephen M. Whitehead and Frank J. Barrett, eds., **The Masculinities reader**, Blackwell,  
Maurice Berger, Brian Wallis, Simon Watson, eds., **Constructing masculinity**, Routledge,  
Judith Halberstam, **Female masculinity**, Duke UP,  
Jean Bobby Noble, **Masculinities without men? : female masculinity in twentieth-century fictions**, UBC Press,  
Chris Holmlund, **Impossible bodies : femininity and masculinity at the movies**, Routledge,  
George L. Mosse, **The image of man : the creation of modern masculinity**, Oxford UP,  
Sarah Gamble, ed., **The Routledge Companion to feminism and postfeminism**, Routledge,  
Ruth Robbins, **Literary feminism**, MacMillan,  
Belén Martín Lucas, ed., **Violencias (in)visibles : intervenciones feministas frente a la violencia patriarcal**, Icaria,  
George E. Haggerty and Molly McGarry, eds., **A Companion to lesbian, gay, bisexual, transgender, and queer studies**, Blackwell,  
Alan Sinfield, **Cultural politics-Queer reading**, Routledge,  
Judith Butler, **Bodies that matter : on the discursive limits of**, Routledge,  
Sara Salih, with Judith Butler, eds., **The Judith Butler reader**, Blackwell,  
Judith Butler, **Undoing gender**, Routledge,  
Judith Halberstam, **In a queer time and place : transgender bodies, subcultural lives**, New York UP,  
Harry Benshoff and Sean Griffin, eds., **Queer cinema : the film reader**, Routledge,  
Robert J. Corber and Stephen Valocchi, eds., **Queer studies : an interdisciplinary reader**, Blackwell,  
Nikki Sullivan, **A Critical introduction to queer theory**, Edinburgh UP,  
Donald E. Hall, **Queer theories**, Palgrave,
-

John C. Hawley, ed., **Postcolonial and queer theories: intersections and essays**, Greenwood Press,  
Margaret Sönser Breen, Warren J. Blumenfeld, **Butler matters : Judith Butler's impact on feminist and queer studies**,  
Ashgate,  
Eve Kosofsky Sedgwick, ed., **Novel gazing : queer readings in fiction**, Duke UP,  
Beatriz Suárez Briones, **Sexualidades : teorías literarias feministas**, Ayuntamiento Alcalá de Henares,  
Beatriz Suárez Briones, Belén Martín Lucas, María Jesús Fariña Busto, eds., **Escribir en femenino : poéticas y política**,  
Icaria,  
Pilar Cuder-Domínguez, Belén Martín-Lucas, Sonia Villegas-López, **Transnational poetics : Asian Canadian women's  
fiction of the 1990s**, TSAR,  
Patricia Elliot, **Debates in Transgender, Queer, and Feminist Theory. Contested Sites**, Ashgate,  
Ulrike M Vieten, **Gender and Cosmopolitanism in Europe: A Feminist Perspective**, Ashgate,  
Joana Sabadell-Nieto and Marta Segarra, eds., **Differences in common: Gender, vulnerability and community**, Rodopi,  
Peter Childs, Claire Colebrook and Sebastian Groes, eds., **Women's Fiction and Post-9/11 Contexts**, Lexington Books,  
Christine Delphy, **Separate and Dominate. Feminism and Racism after the War on Terror**, Verso,  
Susan Faludi, **The Terror Dream. Myth and Misogyny in an Insecure America**, Picador,

## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Literatura e sociedade do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01909

Traballo de Fin de Grao/V01G180V01991

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Literatura e identidade cultural do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01903

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Análise e interpretación literaria de textos do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01401

Ámbitos literarios III do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01602

## Outros comentarios

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Recoméndase o emprego regular dos recursos da Biblioteca e a formación continua no uso dos mesmos.